

Segundo a normativa vixente, orde do 12 de marzo de 2013, pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de Educación Infantil e Primaria, ábrese o prazo de admisión do alumnado no Ceip de Palas de Rei, tendo en conta as seguintes directrices informativas:

### **1.-OFERTA DE POSTOS DE ESCOLARES**

Ensinanzas	Prazas	Prazas dispoñibles	Observacións
4º Educación Infantil	25	25	3 reserva de praza
5º Educación Infantil	25	9	
6º Educación Infantil	25	9	
1º Educación Primaria	25	10	3 reserva de praza
2º Educación Primaria	25	6	
3º Educación Primaria	25	13	
4º Educación Primaria	25	11	
5º Educación Primaria	25	6	
6º Educación Primaria	25	12	

**2. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN:** do 1 ao 20 de marzo, ambos inclusive.

**3.ÁREA DE INFLUENCIA:** Concello de Palas de Rei.

**4.CENTRO DE ADSCRICIÓN:** IES do Camiño (Palas de Rei)

**5.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DOCENTRO:** Transporte e Comedor Escolar ofertados pola Consellería de Educación.

**6.PUBLICACIÓN LISTAXE PROVISIONAL ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO.** Antes do 25 de abril (Prazo de reclamación: 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación)

**7.PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO.** Antes do 15 de maio

**8.FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:** do 20 ao 30 de xuño.

## 9. NOTA INFORMATIVA:

-Segundo a lexislación vixente, só se pode presentar unha única solicitude no Centro no que se solicita a praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

-O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

-O alumnado que ten reservada a praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

## 10. NORMATIVA REGULADORA:

*Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Orde de 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos(DOG N°53 do venres 15 de marzo de2013).*

*Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Real Decreto 443/2001, do 27 de abril sobre condicións de seguridade do transporte escolar e de menores.*

*Decreto 132/2013, do 1 de agosto polo que se regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.*

En Palas de Rei, a 26 de febreiro de 2021